

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 14.06.2019      Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 45456 (10/PNC-003657)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a elaboración dun estudo respecto do impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, con especial atención ao aspecto económico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 1.2 46472 (10/PNC-003736)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
Sobre o incremento por parte da Xunta de Galicia do orzamento destinado á convocatoria de axudas, para o ano 2019, para a creación ou mellora das infraestruturas, das dotacións, das instalacións e dos equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019*
- 1.3 47600 (10/PNC-003850)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019*
- 1.4 47716 (10/PNC-003857)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis  
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, para o acceso das empresas aos concursos de contratación pública, da existencia dun plan de igualdade en vigor que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019*

- 1.5 48223 (10/PNC-003900)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia  
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de  
captación de investimento exterior  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*
- 1.6 49285 (10/PNC-003989)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a elaboración e desenvolvemento dun plan de reactivación  
económica da provincia de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## Vogais

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 45456(10/PNC-003657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración dun estudo respecto do impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, con especial atención ao aspecto económico

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:06:27  
Nº Rexistro: 45456  
Data envío: 05/02/2019 17:06:27.815

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao cumprimento e vixencia da lexislación en igualdade con especial atención ao aspecto económico.

Pasaron xa máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. Porén, a vixencia da situación de desigualdade permanece cuns índices intolerables, nomeadamente nos parámetros referidos ao ámbito económico. Este feito, debe obrigar a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco e o impulso da Xunta de Galiza para desenvolvelo.

Entre outros aspectos, a *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* establece o principio de transversalidade para o desenvolvemento dos seus obxectivos. Desta forma, no punto 2 do seu artigo 6º establece “*O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátase de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátase de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentárase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.*” Porén, a década de goberno Feijóo demostrou unha baixa capacidade de diálogo social, nomeadamente cos colectivos sindicais, sociais e oposición. Así mesmo, o fracaso das políticas de igualdade demostran que o principio de transversalidade non ten sido posto en práctica de forma adecuada.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:06:27  
Nº Rexistro: 45456  
Data envío: 05/02/2019 17:06:27.815

Así mesmo, o noso marco legal sinala como obxectivo “*A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.*” que non ten sido acadado tal e como demostra, por exemplo, o avance da fenda salarial fóra da administración pública.

Tampouco “*A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación*” ten sido un obxectivo acadado. É máis, a política de recortes en materia de servizos sociais aplicados durante a recesión económica ten lastrado os avances neste eido.

Así mesmo, desde Galiza a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de economía, emprego e de xustiza limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de espremer ou superar o noso marco competencial.

Pasados máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes* cómpre avaliar o cumprimento do marco e as súas necesidades de revisión, con especial atención ao aspecto económico.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar no prazo de tres meses un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co

CSX4 REXISTRO-a07q86IG-5  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:06:27**  
**Nº Registro: 45456**  
Data envío: 05/02/2019 17:06:27.815

Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a súa vixencia e se procede a elaboración dunha nova lei, con especial atención ao ámbito económico”.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 17:05:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 17:05:06**

CSX REGISTRO-a07a8b61c-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:06:27**  
**Nº Registro: 45456**  
Data envío: 05/02/2019 17:06:27.815

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 17:05:08**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 17:05:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 17:05:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 17:05:15**

CSX: REGISTRO-a07q86IG-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 46472(10/PNC-003736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o incremento por parte da Xunta de Galicia do orzamento destinado á convocatoria de axudas, para o ano 2019, para a creación ou mellora das infraestruturas, das dotacións, das instalacións e dos equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

*Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 11 de febreiro de 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.

No artigo 1 dispón a publicidade da relación dos convenios subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro e no artigo 2 dispón a publicidade da relación dos subscritos nos meses de xaneiro, marzo, abril, maio, xullo e agosto de 2018, especificados nos Anexos I e II da resolución.

Analizados os anexos I e II, excluindo as axudas destinadas á recuperación dos danos provocados pola vaga de lumes de outubro de 2017, as destinadas á contratación de auxiliares de policía local e as dúas destinadas aos concellos das Neves e Xunqueira de Espadañedo para reparación dos danos causados polos anegamentos, temos que se dedican case 2 millóns de euros para convenios con 58 concellos galegos sen ningún criterio preestablecido para a súa concesión.

O 80 % dos concellos beneficiados por estes convenios están gobernados polo PP (46) e o importe que reciben supoñen o 82 % do total (1.581.000€).

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que incrementar as axudas convocadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en concorrência competitiva, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que teñen consignado nos orzamentos do ano 2019 unha dotación orzamentaria de 2.999.999,00 €, en 2 millóns de euros, ata acadar a contía orzamentaria de 4.999.999€.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/02/2019 17:23:43**  
**Nº Registro: 46472**  
Data envío: 18/02/2019 17:23:43.970

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/02/2019 17:09:06**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/02/2019 17:09:15**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 17:09:22**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/02/2019 17:09:34**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 17:09:46**



CSV: REGISTRO-166P8-J69-2

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 47600(10/PNC-003850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais

*Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/03/2019 10:31:12  
**Nº Rexistro: 47600**  
Data envío: 12/03/2019 10:31:12.473

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Nun contexto de desaceleración do crecemento exportador no conxunto de España, a economía de Galicia mantivo no ano 2018 un ritmo exportador destacado. Mentres en España as exportacións xa medran por baixo da media da zona euro ou da UE, en Galicia seguen a medrar por riba deses espazos económicos.

No ano 2018, o crecemento das exportacións galegas foi dun un 4,9 %, inferior ó do ano anterior, pero superou a media da UE e do conxunto de España, que quedou no 3,2 %. Este bo resultado débese sobre todo ao dinamismo exportador do sector da automoción, mentres que o sector téxtil presenta un lixeiro descenso.

Este bo balance exportador no último ano, presenta na nosa opinión, un dato que nos parece negativo e extremadamente importante; o do número de empresas exportadoras. Aínda que o seu número medrou nun 8,1 %, o conxunto de España acadou o 26,5 %, unha intensidade tres veces maior.

Así, para igualar o peso que temos no PIB de España precisamos incorporar máis de 3.000 novas empresas exportadoras, de xeito especial fóra da UE e cara os países emerxentes. Este horizonte significa incrementar o número de empresas exportadoras nun 40 %.

A acción pública da Xunta de Galicia neste ámbito é na opinión dos socialistas relativamente escasa e pouco coordinada, centrada na publicidade e na propaganda e con déficits moi importantes no apoio directo ás empresa, especialmente ás Pemes.

CSM-LOT/ewMiUGot  
Verificado  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2019 10:31:12**  
**Nº Registro: 47600**  
Data envío: 12/03/2019 10:31:12.473

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1. Realice, nun prazo máximo de seis meses, unha avaliación detallada das razóns polas que as empresas galegas, especialmente as Pemes, teñen tantas dificultades para incorporarse aos mercados internacionais.
2. Sobre a base desa avaliación, deseñe no prazo máximo dun ano, un programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para se internacionalizaren.
3. Neste programa específico, deberían de coordinarse especificamente os ámbitos da innovación, da calidade e o deseño e do financiamento.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/03/2019 10:21:09**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/03/2019 10:21:19**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/03/2019 10:21:28**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/03/2019 10:21:45**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 47716(10/PNC-003857)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, para o acceso das empresas aos concursos de contratación pública, da exixencia dun plan de igualdade en vigor que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial

*Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/03/2019 17:28:52  
Nº Rexistro: 47716  
Data envío: 13/03/2019 17:28:52.983



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

O éxito sen paliativos da folga celebrada o 8 de marzo e da manifestación unitaria convocada en Lugo o domingo anterior consolidan ao movemento feminista como o principal actor da transformación social e política do país. Non hai volta atrás. Os xustos requirimentos das mulleres non poderán ser ignorados de novo.

As mulleres desbordaron as rúas, pero tamén as institucións. Tanto é así que no propio Parlamento galego non se celebraron as dúas comisións que estaban previstas por falta de quórum. Á cita non acudiron nin tan sequera as deputadas do Partido Popular, algo sorprendente, tendo en conta a posición dos seus dirixentes. Un día antes, Núñez Feijóo evitaba declararse feminista porque, nas súas propias palabras, “descoñecía o alcance do concepto”; e, en Madrid, Pablo Casado desvinculábase da manifestación por considerala un acto de esquerdas. Segundo parece, as mulleres do PP entenden moito mellor que os seus líderes varóns o alcance e a relevancia do 8 de marzo.

En Galicia, máis de 200.000 persoas saíron ás rúas para reclamar que se dote de recursos á loita contra a violencia de xénero, que se remate coa infame fenda salarial e que se eduque ás rapazas en igualdade, entre outras moitas cousas. Na Coruña, mobilizáronse máis de 40.000 manifestantes; en Ferrol, 15.000; 10.000





en Santiago e 105.000 en Vigo. Noutras vilas e cidades como Ourense, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Vilagarcía, Bueu, Carballo, Marín, O Carballiño, Vilalba... tamén se manifestaron miles de mulleres e homes a prol do feminismo.

Ese mesmo día, o Presidente Núñez Feijóo reuniuse cos conselleiros e varios altos cargos diante da Xunta e declarou o seu “firme compromiso en seguir traballando para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva” e reclamou “un consenso institucional, político e social” para chegar a acordos que permitan alcanzar a igualdade.

Pola súa banda, a Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella, lamentou a desigualdade que existe nas retribucións salariais, na promoción profesional e no acceso a sectores e ámbitos moi masculinizados. Na súa opinión, “a incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade”, polo que cómpre “traballar a prol dun cambio cultural e de valores” que modifique a “persistencia de estereotipos de xénero”.

As palabras son moi fermosas, que dúbida cabe, pero custa tomalas en serio, tendo en conta as recentes declaracións de Feijóo e Casado e a traxectoria dos gobernos do Partido Popular. Se o Goberno da Xunta de Galicia quere ser crible, urxe que acompañe as súas palabras con feitos, estratexias e orzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer como unha esixencia para participar en concursos de contratación pública, que as empresas que





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2019 17:28:52**  
**Nº Registro: 47716**  
Data envío: 13/03/2019 17:28:52.983



concorran teñan en vigor un plan de igualdade que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo  
Manuel Lago Peñas  
Paula Quinteiro Araujo  
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/03/2019 17:26:01**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/03/2019 17:26:13**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/03/2019 17:26:25**

**Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 17:26:32**



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 48223(10/PNC-003900)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha  
estratexia de captación de investimento exterior

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/03/2019 11:33:08  
**Nº Rexistro: 48223**  
Data envío: 28/03/2019 11:33:08.799



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

Datainvox, ferramenta ligada ao Ministerio de Industria e que ten como obxectivo o rexistro de datos de investimentos exteriores, vén de publicar o investimento exterior en España e nas diferentes CCAA para o conxunto do ano 2018.

Os datos amosados concretamente para Galicia son profundamente preocupantes. Así durante o período indicado, Galicia recibiu uns fluxos de capital estranxeiro que acadaron 65,45 millóns de euros dun total de 46.827 millóns que recibiu o conxunto de España. Este nivel de investimento equivale a dicir que o territorio galego foi destino soamente do 0,13% do investimento estranxeiro recibido no conxunto do país, unha porcentaxe totalmente insignificante tendo en conta que Galicia representa aproximadamente o 5,2% do PIB español.

Ante estes datos tan alarmantes, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSM - OPS - U5m711  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/03/2019 11:33:08  
Nº Registro: 48223  
Data envío: 28/03/2019 11:33:08.799



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha estratexia de captación de investimento exterior que teña por obxectivo a captación anual por Galicia do 1% do investimento total recibido por España.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado, e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2019 11:26:54**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 28/03/2019 11:27:13**

**Luis Villares Naveira na data 28/03/2019 11:27:30**

CSX CPS V15m711  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 14.06.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 49285(10/PNC-003989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración e desenvolvemento dun plan de reactivación económica da provincia de Ourense

*Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/04/2019 11:36:14  
Nº Rexistro: 49285  
Data envío: 22/04/2019 11:36:14.504

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Instituto Galego de Estatística publicaba un novo estudo respecto dos indicadores demográficos que volve deitar sinais de alarma sobre a situación do interior de Galiza, nomeadamente das comarcas comprendidas baixo a circunscrición de Ourense.

Así, por exemplo, respecto da Taxa de crecemento composto continuo da poboación Lugo e Ourense continúan a perder representatividade mentres que A Coruña e Pontevedra aumentan o seu peso no total galego, e Ourense decrece especialmente, situándose a caída no -0,72 que contrasta de forma significativa coa franxa atlántica mais tamén mesmo con Lugo.

Respecto da Distribución da poboación segundo o ámbito xeográfico Ourense sitúase no 11,44 no 2018 cando unha década atrás ocupaba o 12,08 e é a menor porcentaxe do total galego. Na estrutura por idades da poboación galega é Ourense quen ten a media máis alta, por riba dos 50 anos e a Taxa bruta de natalidade que contempla nacementos por mil habitantes é a máis baixa do país, no 5,51.

CSM-REXISTROOHPW-NS939  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/04/2019 11:36:14  
**Nº Rexistro: 49285**  
Data envío: 22/04/2019 11:36:14.504

Da lectura deste e doutros informes podemos concluír que esta situación ten un impacto negativo na economía ourensá e, por extensión, galega. Polo tanto, é urxente corrixir as eivas deste modelo de desenvolvemento económico desigual territorialmente.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que estas cifras amosan primeiro o fracaso das receitas aplicadas polos gobernos do Partido Popular durante décadas, e segundo, a necesidade dun cambio inmediato de políticas e de plans de compensación territorial para impulsar o crecemento desta parte do país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a desenvolver no prazo de tres meses un Plan de reactivación económica de Ourense que sexa dialogado coas organizacións sindicais, veciñais, sociais e empresariais relevantes desta zona do país. O Plan terá unha dotación económica plurianual incorporada aos Orzamentos da Xunta de Galiza e será avaliado anualmente remitindo un informe aos sectores que participen da súa redacción.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

CSX: REXISTRO4HP-wm9S98  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/04/2019 11:36:14**  
**Nº Registro: 49285**  
Data envío: 22/04/2019 11:36:14.504

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2019 11:29:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2019 11:29:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2019 11:29:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/04/2019 11:29:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2019 11:29:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2019 11:29:59**

CSX4\_FIEYXJSTFR04HP-wm9S99  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>

